


Núm. 94

Tomo 8.

# nós





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 8'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

CHUMES E NAMORAZOS (poema), por CABADA VÁZQUEZ.  
A IMAXE PETREA DO APÓSTOL SANTIAGO, por XESÚS CARRERO GARCÍA.  
MOUHENZA (Inscritorio dramático), por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.  
A CRISTALIZACIÓN DO CASTRO DE MONTERREI, por XURxo LOURENZO FERNÁNDEZ.

ARQUETO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALICIA.  
MISCELLANEA.—Unha campaña do S. XVI, por BOUZA BREY.—Os derradeiros días do poeta Atón, por BOUZA BREY.—Baldacainos de San Miguel de Arca, por BOUZA BREY.—Un episodio dos afrancesados compostelanos, por BOUZA BREY.—OS HOMENAS, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda cráis de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Dicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.\*

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII      ★      Ourense 15 de Outono do 1931      ★      Núm. 94

## C I U M E S E N A M O R O U Z O S

Meu corazón namorouse  
de un rosal a frolecer;  
quer voar e non ten azas,  
quer rir e non ten lecer.

No rosal medra unha rosa  
loira e fermosa de ver;  
da sua corola albariña  
namorouse un caravel,

O caravel namorado  
ciumes de mán seica ten,  
a rosa rise burleira  
sin darrle creto a ninguén.

Unha mañán outoniza  
quedei extranado ô ver:  
a roseira desfollada;  
resequido o caravel  
i-o meu curazón ferido  
a treizón por non sei quen.

CABADA VÁZQUEZ.



## A IMAXEN PÉTREA DO APÓSTOL SANT-IAGO

Foi sempre o principal ideal dos pelengrinos e romeiros xacobeos, ó visitar a cibdade de Compostela, facer veneración ó sariego do Apóstol Sant Iago,

Xa dende o descubrimento das Santas Reliquias, no Monte Libredón, no tercio primeiro do século IX, non cesa o movemento constante dos devotos pelengrinos.

A importancia do santuario compostelán pode apreciarse no Himno de Maitines Sancti Iacobi, comenzos do século XI, a domino Fulberto Kartnotensi:

«Ad templam cuius splendidum  
Cunctorum comi climatum  
Occurrunt omnes populi

Armeni, Greci, Apuli,  
Angli, Galli, Daci, Frisi  
Cuncte gentes, lingua, tribus  
Illic pergunt muneribus» (1)

Nos primitivos altares da eirexa de Sant Iago non debeu figurar ningunha escultura da imaxen do Apóstol, nin tampouco no tempo do maxestoso de prata, mandado facer no século XII polo Arcebispo Xelmirez.

(1) Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, por D. Antonio López Ferreiro, tomo I, pág. 419.—Santiago, año 1898.

Crêmos, n-iste caso, que a primeira imaxe é a que se topa ainda debaixo do cimborrio barroco, más compretamente disligrada e retocada. Por isto merece ben un deido esamen e estudo.

Comencemos, primeiramente, pol-a cartela que cubre a sua perna e que co índice da sua mán direita sinala ista inscripción:

H I C E  
S T C O R  
P V S D I  
V I I A C O  
B I A P O S  
T O L I E  
T I S P A  
N I A R V  
P A T R O  
N I

É decir: «Hic est  
corpus Divi Iacobi  
Apostoli et Hispania-  
rum Patroni».

Tal letreiro quer mostrarnos que ali tópase o corpo do Santo e que a imaxe ten ise obxeto.

Non se sabe de certo cando se colocou a escultura pétrea do Santo no altar maior da Catedral. O sabido arqueólogo e coengo López Ferreiro (1) conxeta que debeu ser o 3 de Abril do 1211, dia da Consagración do gran templo catredalicio.

(1) Obra citada, tomo V, pág. 56.—Santiago, año 1902.



IMAXEN PÉTREA DE SANT IAGO NA  
CAPELA MAIOR DA CATREDAL

Pois di: «Probablemente en esta ocasión se colocó sobre el Altar Mayor la imagen del Apóstol, que aún hoy se venera». E nós somos tamén do parecer que tal conxetura poiderá resultar certa.

Si ollamos ben nos trazos que ainda adivíñanse na faciana da dita imaxe de Sant-Iago o Maor, podriámos atopar bastante semeillanza co Apóstol tamén sedente do portalus do Pórtico da Gloria e, polo tanto, traballo da famosa escola do Mestre Mateo.

Escultura dos derradeiros tempos do románico e feita cun espírito do medioevo. Foi o consolo e a ledicia de moitas xeneracións.

Os levaba —di López Ferreiro—: «la salud de las almas era el principal propulsor de aquellas masas de verdaderos creyentes, que no hallaban sosiego mientras de lejos no vislumbrassen las torres de la Apostólica Basílica, cuyas puertas estaban siempre abiertas, de día y de noche, como lo están las del trono de Dios para todos los que de corazón imploran su infinita misericordia» (1).

Alcóntrase a primeira referencia da nomeada imaxe de grao e policromada na Crónica de D. Alfonso XI, páxina 179, cap. C., cando no 1332 armouse cabaleiro no altar de Sant-Iago; «Et la imágen de Santiago, que estaba encima del altar».

Iste monarca español, polo Diploma despachado en Madrid, 22 de setembro do 1345: «dispuso que ante el mismo altar se pusiesen tres velas de dos libras

cada una, y que se renovaran todos los días, para que con ellas estuviese el altar perpetuamente iluminado» (1).

Tamén mais adiante Don Enrique, sobre as mesmas dezmas de D. Alfonso XI, había feito doación de outros 3.700 maravedis todos os anos pra manter perpetuamente acesas outras tres candeeiras diante do altar do Apóstol Sant-Iago.

Mais consideraremos documento de moita importancia á miniatura que reproduçimos na foto 3 e que está tomada do Tumbo B. do arquivo da Catedral (2),

A imaxe tópase sentada nunha cadeira sin respaldo e baixo unha capela con teito vertente á duas augas, descansando tamén en columnas de capitíes froleados.

Paresce pendente da punta do teito unha pequerrecha lámpada. O derredor do Santo e no fondo da parede véñense unhas estrelas. Está nimbado e ten na man direita o báculo en forma de «tau» e na outra unha cartela branca cas letras roxas que di: IACOBUS. E a un lado e outro, fora da capela, entre unhas columnas de capitíes froleados a figura dos seus discípulos THEODORUS e ATANASIUS. Esta escena miniada é do século XIV e probablemente do seu comienzo. Témola ademais como feita en Compostela e, polo tanto, a imaxe do Apóstol de non ser unha copia da do altar maor da



O APÓSTOL DO PORTALUS  
DO PORTICO DA GLORIA

Catedral, debeu estar nél inspirada (3).

(1) Id. id., VI, pág. 198.—Santiago, anno 1908.

(2) Tumbo B., Arquivo da Catedral Compostelana, folio verso da segunda folha.

(3) Hist. de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela por D. Antonio López Ferreiro, t. VIII, pág. 191. Santiago, 19.

(1) Id. id., VI, pág. 198.—Santiago, anno 1908.

E chegamos ó século XV. Niste tempo visita a cibdá de Compostela o bispo arménio Arzendjan, autor da «Relación d'un voyage fait en Europa et dans l'Océan atlántique». Di do altar maior da Catredal: «A sua estatua está colocada sobre o altar maior; está sentada nun trono cunha coroa na cabeza».

Sospeitamos que a dita coroa sexa a que o Cabildo, na sesión do 13 de agosto do 1519, manda ó obreiro Alonso Calviño: «que hiziese la corona de la ymagen del Señor Santiago del altar mayor, por quanto estaba ya bieja y quebrada, y lo que costase lo sentase con los gastos de la obra, y para ayuda della le mandaron que tomase las guarniciones de plata que están en dos tablas de libros biejos y la otra plata quebrada que está en su poder».

Debia tamén facer tempo que a imaxe do Apóstol Sant-Iago tiña un collar; pois no 10 de setembro do 1522, según o Cabildo, se mandou «aderezar, adobar y hacer de nuevo el collar de señor Santiago que estaba quebrado».

Na reforma do retablo da Capela maior, 31 de maio do 1533, nomeouse unha comisión pra que «viesen donde se puede facer dos grepas para el altar maior e la horden que los Romeros han de tener para subir arriba a la ymagen de Santiago» (1).

Insistese novamente no 17 de marzo do 1533 sobre a mesma obra: «la escalera o paso que es menester para los peligrinos que van a visitar la ymagen de Santiago».

É curioso o que nos di iste inventario do 1571: «yten avía una ymagen de señor, que es de piedra, y una corona de plata dorada, con su collar de plata, questá quebrado: El qual se a de azer de nuevo, de la misma forma, con sus veneras».

No marxe tamén se lê: «el collar se hallo quijitado y quebrado en poder de alonso fernández, platero, año de 1571. Ase le mandar que luego le aderece».

Chega, por fin, Ambrosio de Morales en romería á Sant-Iago o ano 1572. Suas novas son más importantes e mais concretas. Nos describe: «Una Imagen de piedra del Santo

(1) Viaje Santo, pág. 120, por Ambrosio de Morales.—Madri, ano 1760.

Apóstol, que se descubre de la cintura arriba: es poco menos que al natural, dorada y pintada, echando con la una mano la bendición, y teniendo en la otra un libro. Está en cabello, sin Diadema, ni otra cosa en la Cabeza, sino teniendo colgada encima de ella (que quasi le toca) una gran Corona de plata: y el fin del Romage y su cumplimiento es llegar el Peregrino a esta Imagen, y besándola por el cuello, ponerse aquella corona en su cabeza, que para esto está pendiente de una cadena. Subiese á esta Imagen por una escalera que está al lado de la Epístola con su portecica, y decíndese por la otra del lado del Evangelio».

Con istos datos se confirma que a escultura era de pedra e policromada: que non tiña diadema na cabeza, senón unha coroa de prata, que servía pra qu'os pelengrinos a puxeran na súa cabeza. Tamén nos relata: «que besaban la imagen del Santo y la abrazaban por el cuello».

Isto concorda co anotado no 1581 pol-o alemán, de orixen polaco, Erich Lassota de Steblovo: «Sobre el altar está colocada una estatua de Santiago; encima cuelga una grande y dorada corona que acostumbran a poner los peregrinos» (1).

Ven o século XVII, e o Padre Oxea, ano de 1615, nos refire o seguinte: «No tiene retablo en el testero, sino solo la del glorioso Apóstol Santiago que está sentada en una silla dorada sobre el altar mayor arrimada a un pretil, que le llega hasta casi los hombros, de modo que le quedan descubiertos parte dellos, el cuello y la cabeza, para dar lugar a la devoción de los peregrinos y gentes que vienen a visitarle, a que le toquen y traten. Y así lo hacen ellos con gran devoción y reverencia, subiendo allí por dos escaleras que ay a los lados detrás del mismo altar mayor» (2).

O pomposo e barrigudo baldaquino churriguera, encanto dos nosos vellos, que tanto había de contribuir no barroco galego, non escomenzou ate o ano 1660. O coengo

(1) Javier Liskie, «Viajes de extranjeros por España en los siglos XV, XVI y XVII.—Colección de 1878 reproducción del original y anotado por F. R.—Madrid, pág. 93.

(2) Historia del Glorioso Apóstol Santiago, por el Padre Oxea, pág. 119 valto, Cap. XVIII.—Madri, ano 1615.

compostelán, Vega e Verdugo, influenciado pol-o arte italiano e hispano da época, na Memoria que escribieron sobre as obras da Capela maior da Catedral, ó tratar da estauta do Santo, dí:

«Estaba ahogado y que tiene cubiertas las Rodillas donde tiene el epitafio. Para de ordinario abría de estar la estatua del santo que se abraza oy encima de la pared que cay sobre el altar que está detrás del Santo Apóstol».

O dito coengo Vega e Verdugo, partidario de que se fixese outra imaxe de Santiago, xa en pedra, bronce ou prata, prosigue razoando na mencionada Memoria: Y



FIGURA 3

con Raçon; porque si se dijese que porque le allamos sentado enseñando y porque Reppossa, le abiamos de dejar sentado como le allamos, no parece se diría del todo mal, pero cierto que la primera vez que le ví, fué menester para conocer que era Santiago verle en su iglesia y altar; porque si le encontrara en otra advocación de otra iglesia creyera era otro Santo, y en el modo de estar parece más a San Pedro.

Y no se entiende que el santo que se ycie, a de ser silla y santo todo de una piedra como este, que no tiene en su dibujo ninguna perfección, antes está estropeado; sin tener ningún miembro y proporción natural;

y así digo, que le benía bien estar de peregrino bestido, la vna mano levantada sobre el botón del bordón; y la otra señalando abajo a la vrna passada el HIC IACET, teniendo dos o tres géneros de esclabinas que sobre la del metal se muden según la grandeza de su fiesta. Y si porque predicaba, se dixese que abría de estar sentado, esto viene bien á qualquiera apóstol, pues todos predicaron y enseñaron, á San Juan, á San Pablo y á San Andrés y á otros Santos. El cordero, la espada y las aspas los acen particular. Y así le deben diferenciar de peregrino».

Ambrosio de Morales, o cronista de Felipe II, no seu citado Viaxe, nos había descrito a escultura de Sant-Iago Apóstol: «con una mano bendecia, teniendo en la otra un libro».

Ista actitud, n-un Apóstol, parece un pouco estrana. O probable sería que fose concebida como o Sant-Iago do portalus do Pórtico da Gloria ou como a miniatura do Tumbo B. do arquivo da Catedral. Sería n-unha mán a cartela e na outra o bastón en forma de «tau». Si a descripción de Morales é veraz, debeu padecer xa unha reforma a imaxe de Sant-Iago denantes do século XVI.

Non se había reparado que a imaxe do Apóstol tivese alguma inscripción. Soillamente Vega e Verdugo, na sua Memoria, testualmente dí: «Tiene cubiertas las Rodillas donde tiene el epitafio».

López Ferreiro é de opinión que o epitafio da imaxe de Sant-Iago é de fins do XVI (1). N ista data Ambrosio de Morales había visitado a Catedral de Compostela. Non cita o referido epitafio. De eisistir, Vega e Verdugo non nos diría: «Que le benía bien estar de peregrino bestido; la mano vna levantada sobre el botón del bordón; y la otra señalando a la vrna passada el HIC IACET».

O epitafio que ten agora, como xa temos dito, escomenza: «HIC EST CORPUS».

Crémos, pois, que poida datar do sécu-

(1) Obra citada, tomo V, pág. 60.

lo XVII e quizás da mesma época da fábrica do revestimento churriguera da Capela maior. Co epitafio debiu tamén laborarse o relieve do follaxe das prendas do vestido do Apóstol, o mesmo que a transformación en pelengrino. Ista era a idea de Vega y Verdugo, en contra da forma en que estaba a escultura antiga: «Y si porque predicaba se dixese que abia de estar sentado, esto biene bien a qualquiera Apóstol, pues todos predicaron y enseñaron, á San Juan, á San Pablo y á San Andrés y a otros Santos».

El cordero, la espada y las aspas los acen particulares. Y así le deben diferenciar el ábito de peregrino».

A escultura tópase dentro de unha gran cadeira de prata, estilo barroco. O dadixeiro arcebispo Monroy, no ano 1693, encarregóu pra o Santo Apóstol do Altar maior unha esclavina de prata do prateiro milanés, Xosé Clemente.

O Cabildo compostelá, 16 de xaneiro do 1705, había nomeado unha comisión pra darlle as gracias ó Prelado pol-a esclavina e bordón de prata e a calabaza de ouro con unha vieira, que había doado.

A esclavina que hoxe ten sobre os hombros con embremas e tributos guerreiros, con apricacions douradas, enrequecida de pedras preciosas, é a mesma que donou o arcebispo Monroy. De como alcontrábase a Capela maior da Catedral, no ano 1726, nol-o dirá o «Diario de peregrinación» de Guillermo Manier.

«Sobre el tabernáculo la estatua del Apóstol de tamaño natural; es de plata dorada y de la misma materia es la esclavina y la silla donde está sentado con el bordón en la mano y la cabeza desnuda; la esclavina en lugar de conchas está adornada y tiene armas de guerra, cañones, fusiles, espadas, espadones y una franja de oro en el extremo».

Tamén o Santo Apóstol, xullo do 1733, había recibido do coengo don Xán Varela unha cadea de ouro.

O Arcebispo Rajoy, un dos prelados que fixeron moito polo engrandecemento da cibdá de Compostela, por escritura ante Diogo Pereira, fixo unha doación ó Apóstol de unha esclavina e un bordón de ouro, cuias prendas foron postas ó Santo na véspera da sua festividade do ano 1762.

Istas xoias deboron desaparecer con outras mais que o Cabildo tivo que entregar ás tropas francesas no ano 1809.

O arcebispo galego Fray Sebastián Málvar e Pinto había doado ó Apóstol unha gran cruz da Orden de Carlos III con brillantes, que colgaba de unha cadea de ouro e sobre unha banda azul. Tamén había dado un peitoral de esmeraldas e diamantes. Foron postas sobre a imaxe do Santo, despois de haber celebrado de Pontifical o dia 29 de xunio do 1790.

Todas istas xoias, asegún un inventario do 1808, foron roubadas unha mañan do mes de xaneiro do 1807.

Unha devota do Santo lle fixo un donativo d-un bordón de prata con adornos sobrepostos, asegún se lê n-unha acta do Cabildo do 5 de maio do ano 1818.

Iste bordón paresce ser o que ten ainda hoxe na mán a imaxen pétreas e policromadas, revestida de prata.

Temos, pois, que veu transformándose a imaxen do noso Sant-Iago que se venera na Capela maior, mais por iso non deixa de ser a primitiva, a que recolleu todal-as pregarias dos pelengrinos e romeiros que como estrelas camiñaban polo camiño francés pra cumplir un dos máis grandes ideaes.

Seipamos os gallegos que na Catedral de Compostela se garda cásque toda a tradición e historia de Galicia. E seu nome chegou e chega ainda por esa corrente que deixaron os pelengrinos e romeiros xacobeos.

XESÚS CARRO GARCIA

Compostela, 1931.

---

Está á venda **VIEIROS**, poesías por R. Carballo Calero.--Precio: 2 pesetas



# M O U R E N Z A

## LANCE DRAMÁTICO NUN AUTO

POR ARMANDO COTARELO VALLEDOR

### FIGURAS

MADANELA

LUMIA

RAPETA

BREIXO

XELO

ESPADARTE

*Pásase na beiramar. — Época de ugora,  
— Dereita e esquerda, as do púbrico,*

A escea é unha cafúa enfluxada e probe. No fondo, ventá pecha, e porta de entrar. — Á dereita, lacea que se poida abrir e outra porta. — Mesa de madeira no medio, ederriba un quinqué sinxelo, apagado, pendurado do teito. — Abarrotes barriiles, caixas, remos, cordas, redes e más cousas semellantes. — Cadeiras e tallos. — Todo roñoso e polvorento. O conxunto ha de ter van comode almacén de chumbo.

É unha noite de tormenta na invernía. Oise o bruido do vento, o chiscar da sarabia e o balbordo do mar. Pousa longa. Petan á porta do fondo con dous golpes espaciosos e resoantes; logo con tres más recios. Despois surde, pol-o burato do pecho, a vos coutelosa de

ESPÁDARTE (*chamando dendeis fora*).

¡Lumia!... (*Pousa*) ¡Lumia!... ¡Lumia!...

(LUMIA, que é unha vella horrible, sae alumándose cun candil pol-a esquerda, arrastrando as chanclas. *Pousa o can-*

dil na mesa; chégase á porta da dereita e chama quedío cos cotonos; logo vai á abrir en gran silenzo.)

LUMIA

Non berredes, degorrios, que vos sentirá Madanela.

(Entran ESPADARTE máis RAPETA. ESPADARTE (tipo de mariñeiro antigo: roupa de augas con sudeste) trae un paixe ó lombo, un farol aceso e un bicheiro na man. RAPETA, de bufanda, é un rapás xibado, porta un saco valdeiro e un can de lás coutado de un cordel.)

RAPETA (*rindo*. RAPETA *ré sempre*)

¡Mamola!... Chove que asolaga.

ESPADARTE (*con soño que non deixa nunca*)

¡Breixo?...

LUMIA

Agora sal. ¡E os outros?

ESPADARTE

Na buseta. (*Todos falan someiro e espazado*.)

LUMIA

¿Sabes certo que entra hoxe?

ESPADARTE

Seino,

RAPETA

Ven nos boletis. E a amañecida está de xorne. Haberá escamallo.

LUMIA  
¿Grande?

ESPADARTE  
Correo.

RAPETA  
O «Bohemia» ¡Mamola!... Apare o almarrio, tía Lumia. (*Pousa*).

BREIXO (mariñán escorreito (traxe azul; boina) entra pol-a dereita poñéndose un chaquetón de abrigo).  
Aíqui estou.

ESPADARTE  
¿Listos?

BREIXO (*collendo un truel*)  
Listos.

ESPADARTE (*indo a sair*)  
Avante.

LUMIA  
¿Levades a xovenca?

ESPADARTE  
É sospeitoso.

LUMIA  
Destoncias o carneiro.

ESPADARTE  
Sospeitoso.

RAPETA  
Vai «Lulo» (*pol-o can*).  
LUMIA  
De pouco che valirá, Rapeta.

RAPETA  
¡Mamola! Anada coma un xurél e soergue un anagado.

LUMIA  
Collede sachos: haberá cristiáns á pedir terra....

ESPADARTE  
Sospeitosos.

RAPETA  
Ben dito. Este tío Espadarte fala como os relós: pouco, pero campanudo. ¡Mamola!

BREIXO  
Vostede, madre, poderá deitarse.

LUMIA  
Agardo por vós.

ESPADARTE (*na porta*)  
Imos.

LUMIA 'a BREIXO  
Toma este coitelo, por si acaso. É de solla.

RAPETA (*desiminando o coitelo*)  
Estes trémpanos con veneno. ¡Mamola (rindo) Din que unha picada mata un cabalo. (*ddindollo a BREIXO*) Garda.

BREIXO (*tomando o coitelo*)  
Hasta logo.

LUMIA (*tapa co-a man a lus do candil pra que non se vexa de fora*)  
Moita sorte. (Saen ESPADARTE e BREIXO.)

RAPETA (*saindo*)  
Moita maña.

(LUMIA arrima a porta e sénzase pensativa. Pousa.)—Pol-a dereita entra MADANELA, medio espida, como quen se ergue pra se volver deitar.—MADANELA é unha froriña nascida nun illó.—Así que se amostra, reloce a cara de LUMIA.)

LUMIA (*froñéndolle cariñenta*)  
Pero Nela ¿é tí?...  
MADANELA  
Espertóume o vento, madre, e desvelei.  
¿Quén eran eses homes?

LUMIA  
Espadarte e Rapeta; viñan por teu irmán.

MADANELA  
¿Co este vendabalón? (Saen ó mar hoxe?)  
LUMIA  
Pouco se desviarán das penas; van ó endeño.

MADANELA  
Agardar á que esbardase.

LUMIA  
A ardentfa bota arribazón.

MADANELA  
Con todo....

LUMIA  
Volve á cama, menifa. Ves medio espida.

MADANELA  
Un pulo non máis (*terosa*) Tiven un soño mui boniteiro. (*Séntase a carón da nai*)

LUMIA (*aloumiñando nela*)  
¿Pois logo?

MADANELA  
Chegara él....

LUMIA  
Diol-o traya.

MADANELA (*afiuzada*)  
Virá, madre, virá nun dos primeiros barcos. Boeno (*contentosa de reembralar o soño*) Chegara él e nos forámolo rescibir á bordo... (*síntese oubear un can*) ¡Xesús! ¿Qué foi eso?

LUMIA  
Un can ouseando.

MADANELA  
Asina oulaba o do meu soño

LUMIA  
Pois ¿non soñaches con Xelo?

MADANELA  
Sí; pero verá, tamén había un can. Un can mouro, mui rabisco, doente quizaves.

LUMIA  
Sería o urco, o can do mar.

MADANELA  
¿O urco é malo? Pois era él.

LUMIA  
Din que o urco é un can mui grande que en noites pechas sae do mar, e vai por rúas e por congostras ouseando con outros cáns que acoden á lle dar escolta. Leva unha cadea arrastro. Por veces detense, e todolos más fanlle roda, calados.

MADANELA (*esterrexendo*)  
¡Qué medo!...

LUMIA  
Cousas de rapaces.

MADANELA  
¿Quén sabe?... Tamén din que os oubeos dos cáns ventan morte; e ese de antes...

LUMIA  
Vaia, conta do teu soño.

MADANELA  
Fóramolo rescibir abordo. Breixo nos levava na minueta, bandeira en papa. El estaba alá enriba, na amura, saudando co sombreiro. Vosté ben sabe como é danzal e fam-pista.

LUMIA  
Eu non o conozco, Nela.

MADANELA  
Certo. Temiase de vostede e desviábase. Esterrecía entrar na casa; na outra, que de ésta non sabe que nos mudamos. Des aquí verémolo sobre cuberta. Cuase vivimos á nado. Boeno, ¡Qué alegria, madre! El saudaba.... tirándome bicos. Pero eu non podía chegarlle...

LUMIA  
¡Cousas dos soños!....

MADANELA  
Surdiu un can e trabóume da faldra, turrando por min. (*Oise berrar roucamiente a serea de un vapor grande, louxe*).

LUMIA  
¿Un can na minueta?

MADANELA  
Sí; un can ou un lobo, non sei. É o más estrano... ¡Cousas de soños!... foi que aquel can tiña a faciana de Rapeta. Ese rapás non me chista cousa. Paréz que leva un felo; un felo de vellín recésego. Logo, sempre rindo... Da auguria. Fegúrame que debe ser xiado como as cóbregas, e si se lle tocará nas fazulas... ¡Uy, qué noxol (*Volve á soar a serea en urlido longo*)... ¡Xesús, cómo brama ese vapor!...

LUMIA  
Haberá cerrume e pedirá plástico.

MADANELA (*medrosa*)

Parés que laia, madre.

LUMIA

Pol-a noite, ¡xa oral, todo asusta.

MADANELA (*segundo o conto*)

Entón él saltou na minueta e, [pumba!], chimpou aquel can no mar. Logo colléu-me nos brazos... ¡É más gayoleiro!

LUMIA

¿Tí cres que virá?

MADANELA

Como na misa. Escoite (*Saca unha carta e lé*) como esquirlé: «Saberás en como nadá se me da de esos aterrantes»... Non é aquí... «Pues Madanela»... aquí é: «Pues Madanela, recibi lo que me dices de lo que te pasa y yo te digo que no te degores, que yo, como te tengo dicho, te quiero rechamente y no de canfinfa, como decimos acá y ya tengo alguna plata. Pues Madanela, sabrás que ya quité el boleto del pasaje y saliré de esta en el primer correo que toque en esa, que será recién y no más.»

LUMIA (*cobizosa*)

¿Dis que ten prata?

MADANELA

¡Boeno!... Xa leva sete anos na outra banda. Ben ve. Seu pai andaba más espido que un marolo e agora é patrián. Cando veu neste vran dar aquela rabexada, que foi cando nos conocemos, parecía un señor. Pero tencioaba axuntar más para viviremos na vila.

LUMIA (*receando*)

Nela, ¿non será un embaidor, un infierto?

MADANELA

¿Infarto meu Xelo? Él virá... Se non viñese... ¡ay, madre! (*bótase chorando no colo de LUMIA*.)

LUMIA (*cariñandoa*)

Virá, filliña; non chóres.

MADANELA

¡Ten que vire! Eu esquirbinlle todo... Se non ven... finaréime. (*Baixando a vos*) Logo

NÓS

se conoscerá demasiado; e xa agora...onte, no río, Maripepa reparóume de un mo... ¡Ay, madriñal! (*Abrazandoa*).

LUMIA

¡Cala, cala! O que non sei é cómo poido sere, Madanela.

MADANELA (*vergoñenta*)

Cando iba de espichadora, él andaba de passeante, sempre en axexo, azorofando. A frábica está lonxe; para ir e vir tiñamos de pasar o piñeiral... era Xullo. (*Chora*) Non sei... non sei cómo foi!

(Esgarabellan na porta do fondo, como querendo entrar; LUMIA decátase, e forza a vos pra que non-a oian de fora.)

LUMIA

Vaya, sosega. Déitate; non te colla a friaxe (*tentándolle as mánas*) ¡Cala! Xa estás entanguida. Ven (*Erguéndoa e levántando cariñenta*) Imos ó carto, filliña. Durme tranquilo. (*Na porta dereita*) Él virá, non temas.

MADANELA (*entrando*)

¿Certo que está á chegar, madre? (*Desaparecen amas*.)

(Ábrese pouco á pouco a porta do fondo deixando escorrer á BREIXO, pavorido. Ven impante, en pencho, mirando atrás con ollos relampados. Así que entra, vólvese e pecha, correndo o férrollo. Logo abre a lacea, saca botella e copa, bebe un chisco e sétase. Pousa. En silenzo chega LUMIA por detrás, poñéndolle unha man no hombro.)

BREIXO (*brinca espantado*)

¿Quén!....

LUMIA

Tes pouco rexo. ¿Qué houbo?

BREIXO

¡Unha estrangueiral...

LUMIA (*ollando o redor*)

E ¿qué traes?

BREIXO (*sentándose de novo*)

¡Nada!

LUMIA (*estrangada*)

{Entón?...}

BREIXO (*arredendoa*)

Déixeme. Cale. Estou abrayado.... ¡Teño medo!

LUMIA

Ben noto. (*ou servando nel*) {Non vos collerian?

BREIXO

{Qué sei eu?... Non, non nos colleron! Ogallá nos colleran!

LUMIA

{Estás enmeigado? Conta que pasou.

BREIXO (*esterrexendo*)

Pasou de abondo.

LUMIA

Fala, diaño.

BREIXO (*de mal aire*)

Esnaquizóuse nos penedos... Layaba coma un cristián...

LUMIA

Ben sentimol-a sérea.

BREIXO

{Layabal... Escomenzaron a sair... As lanchas de abordo batían nas penas e anagábanse... Saían más. Algún bulindo ainda. ¡Qué espantosidadel! (*Quédase suspenso como ollando unha horrible visión.*)}

LUMIA

Sigue.

BREIXO

Deme xusgos, (*Volve a beber*) Eu estaba estantio, abobado... ¡Qué espantosidadel... Veu o «Lulo» arrastrando un así como hanero... Relocialle a cadea do relós... Deixoulo cabo min, varado no xabre. Rapeta encirróume... Entre a salguia das escumas púxenme á rexistralo. Estaba morto...;

LUMIA

Mellor.

BREIXO

De súpito, o morto engarrou en min.... Botóume as mas. Apertaba no pescoco, es-

ganábame... e non podía zafarme de aquelas mas: eran poutas... Saquei o coitelo que vosté me dou e chantéillo... ¡Matei o morto! (*Colle a cabeza entre as mas, marmuxando outra vez*) ¡Matei o morto!...

LUMIA (*alentandoa*)

Bueno {e qué? Un entre tantos. O mar cobre moito.

BREIXO

Fuxín. Fuxín sin ver terra; pavorido....

LUMIA

Hai que ter azo, Breixo.

(*Chaman quedío á porta*); LUMIA chégase a ela.)

BREIXO (*erguéndose espeluzado*)

¡Non! ¡Non abra, madre, non abra!

LUMIA

{Qué temes?

BREIXO

Calquer cousa. (*RAPETA asubía polo pecho*).

LUMIA

Acouga. É Rapeta. (*Abre á xeito.*)

BREIXO

Tanto monta. Rapeta é unha fera; un locumón do mar (*Rapeta é o urcol* (*Volve a sentarse apouvigado.*))

(Entra RAPETA *sin o can*. Trae un gran saco cheo ó lombo e a pucha mail-o truel de BREIXO na man.

RAPETA (*guindando o suco*)

Garde eso, tía Lumíña. ¡Mamola! Ben lle dixen que habería escamallo. (*Rindo*) Ehi ten zebra e marlota á rever. (*A BREIXO*) Es páparo. Algún día nos botarás á pique. Toma a tua güina; apañouna «Lulo». Velaiqui o relós, a cadea e a carteira. (*pousandoos na mesa*) Ter todo ésto na man e deixalo, ¡véligate a mona!

LUMIA

Aprende, Breixo. Éste ensinavos á todos.

RAPETA

¡Bah! ¡Ibamolo perder? ¡Mamola! I-eso

que teño un peso diario (*pol-a xoroba*); mais pra algo son Rapeta.

BREIXO

E... ¿o morto?

RAPETA

¿Quén? ¿Teu ché? Ben morto queda. (*rindo*) Estes coitelos de solla son barudos. (*sacández do bulso e dándollo*) Garda pra outra ves.

BREIXO

¿Estrevíchete a quitarlo?

RAPETA

Non que llo iba á deixar. ¡Mamola! Por él darian con nós decontado.

LUMIA

Moito vales, Rapeta; estás en todo. ¿E Espadarte?

RAPETA

Tamén pescou sua bicada. Agora queda carretando naufragos na buceta. Poida que lle den unha crus de salvamento.

BREIXO (*xordamente*)

¡Matei o morto...

RAPETA (*d LUMIA*)

Este galán está trafugado. Vale más que o leve fora, despellará co vento.

LUMIA

Ben dís. Ven conmigo, Breixo.

(BREIXO segue á sua nai como anganido e amos saen pol-o foro. RAPETA, con gran calma, cerra a porta, recolle as alhaxas da mesa, méteas no saco e esconde éste entre os abarros. De pronto, ponse á escotiar e escóndese él tamén. Pol-a porta dereita, entra MADANELA, máis vestida que denantes, cunha palmatoria na man. Olla a escea, e véndoia soia, vaise a retirar.)

RAPETA (*mostrándose*)

Boas noites, Mada.

MADANELA (*daudo un berro*)

¡Ay!!... (*tranquil*) ¡Asús! qué susto me de ches. Cuidei que ninguén había.

RAPETA

Cuasi, cuasi.

MADANELA

Falaban aiquí.

RAPETA

Breixo conmigo.

MADANELA

Logo xa viñestes do mar. Gracias á Virxe, que está a noite brava. (*Cobrastes peixe?*

RAPETA

Sempre saca algo a rapeta.

MADANELA

Dixo madre que ibades ó endeflo.

RAPETA (*correxindo*)

Tamén, mais indo eu non falta rapeta.

MADANELA

O caso é que, loubado Dios, xa voltastes. (*Pousa*)

RAPETA

Mada, pois estamos á tergo, quería decirche.... Tempos hai que te atopo revirada.

MADANELA

Nin siquera.

RAPETA (*tenro*)

¿Onde van as tuas cores de rosa, Mada; os teus risos estalantes coma axouxeres; aquelas cantigas que rebullian nos piñeira-les? Nin volves á frábica, nin ese limiar tras-pasas. (*Por qué andas triste, Mada?*)

MADANELA (*rindo*)

¿Eu triste? Tí tresleache.

RAPETA

A xente repará...

MADANELA

Por vicio.

RAPETA

Moitos marmulan...

MADANELA

Por maldade.

RAPETA

I-eu ben vexo....

MADANELA (*anoxada*)

¿Qué é o que tí ves, caramuxo?

RAPETA

Mada, falemos craro. Nin sei cómo nin con quén, pero o lance foi e... xa me entendas. Din que embarcou y-está na América; pois eu digoche que ese non volta. Ben sabes, gusto comprido.....

MADANELA

Pero ¿qué gusto nin qué sécolas, berberecho?

RAPETA

Eu sempre te quixen, Mada.

MADANELA (*estrangada*)

Ora o demo dorme... ¡Tí! ¡Asús! ¡Tí me quixeches?

RAPETA

Sempre; pero decatábame e agardaba. Eu.....

MADANELA (*cogoxosa*)

¡Asús! ¡Asús, mil veces! Sei que sigo soñando....

RAPETA

Tí eres unha fror, un paxaro, unha estrelifía; eu, son Rapeta. Xa comprendes. Rapeta, calaba. Mais agora....

MADANELA (*arritndose*)

Agora ¿qué?

RAPETA

O tempo corre, o choyo adianta, as lenguas rexouban, a conduta abanéa; pois dementes que o caso chegue....

MADANELA

¿Qué lareta este cangarexo?

RAPETA

Mada, a cereixa picada dos melros, logo cae no chan. Eu non podía subir hasta tí; fuches tí quen hasta min baixaches.... Mada, a froita caída dáselle co pé; pero eu son Rapeta e fago o meu oficio; eu recollo a cereixa. Para míñ sempre serás Mada. Nada sei, nada pergunto... Mada, agora non

podes escolleitar (*apurrindolle a man*). Ves aquí a man de un home.

MADANELA (*estalando*)

¡Un home! ¿Tí es un home? Tí es un escañzre, unha pintiga, unha cobra....

RAPETA (*rindo*)

Mada, a cereixa cayida, no chan podreces.

MADANELA (*marchando*)

¿Casar contigo? Dios me defenda.

RAPETA

Mada, xa non puedes escoller.

MADANELA (*furente*)

Antes meto a cabeza na corda de un pandullo e me chimpó co-él no mar (*saindo*). ¡Asús! ¡Asús mil veces!

RAPETA

Seguirei agardando, Mada.

(Miraa marchar e ri en silenzo.—Pol-o foro, volven LUMIA más BREIXO sempre caviloso.)

LUMIA

Moita patulea se xunta na riveira.

RAPETA

Non hai xeito de facer máis. Chegaron carabineiros... ¡Mamola! Poiden escullirme....

LUMIA (*mirando o redor*)

¿E o saco?

RAPETA (*amostrando*)

Aqui está.

LUMIA

Daca (*desatando*). Couta a porta e alumá.

(Póñen o saco no medio; RAPETA alumá axionllado e a vella, sentada nas táboas, vai rexistrando o botín. BREIXO, aparte, cavilando.)

RAPETA

¿Non sería mellor agardarse?

LUMIA (*remexendo*)

Relós... pulseiras... cartos. Chega acá. (RAPETA *aluma*). Son pesos (*fámos soar con ledicia no manelo*). Ésto é o más seguro: éstes non teñen señal.

RAPETA

Xebra, señora, zebra.

LUMIA (*remexendo*)

Pendentes... cadeas... más cartos (*leda*). Moito gafaches en pouco tempo.

RAPETA

¿Non son Rapeta?

LUMIA

Aneles... medallas....

RAPETA

Tamén hai carteiras. Meta a man.

LUMIA

Aluma (*sacando unha carteira*). ¡Casi está ateigada! Pon ahí, logo contaremos (*mostra un xoieiro*). I-ésto ¿qué é?

RAPETA

Non sei; non daba tempo. Unha caixiña.

LUMIA

De prata.

RAPETA

Agarde; imos abrir... (*Forcéxea para abrir o xoieiro. Séntese rañar na porta de fora e logo xemer xordamente. Todos escoitan.*)

LUMIA

Será Espadarte.

RAPETA

Non. Semellan prañidos.

LUMIA

Pois será o «Lulo».

(BREIXO érguese como abufinado e abre. No oco mouro, apuado no batente, ve-se á XELO, macio, descalzado, pin-gando, caendo... BREIXO recúa es-pantado.)

XELO (*lanxindo*)

¡Auxilio!... Por caridade... denme... auxilio....

BREIXO

¡O morto!... ¡Perdón! ¡Perdón!

RAPETA

¡O habanero!

XELO

Estou ferido... Matáronme....

BREIXO (*fora de si*)

¡Fuxel!... ¡Fuxe, pantasma, fuxel!

XELO (*reconocendoo*)

Tí mesmo.... Tí.... ¡Asesinol...

(Da un paso pra entrar, mais RAPETA enquerenándose, ponlle o mango do truel entre os pes e XELO enceréllase e cae fora.)

RAPETA (*rindo*)

¡Esnafróuse! Agora vai de veras.

MADANELA (*drento*)

Madre...

LUMIA (*atordouada*)

Pecha.

RAPETA

Non pode quedar así. Si recorda e fala...

LUMIA

¡Pechal!

RAPETA (*pechando o foro*)

Guindarémolo o mar.

MADANELA (*porta dereita*)

¿Qué ruxir é éste?

LUMIA

Non é nada, filliña.

MADANELA

¿Cómo están todos ergueitos?

RAPETA

Perdeuse un barco.

MADANELA

Un barco.... ¡Probiñol!

RAPETA

No Con do Demo.

MADANELA

¿Afogou alguén? ¡Vaya pol-as Animas!  
¡Era noso?

RAPETA

Era de fora: o «Bohemia».

MADANELA (*alteirada*)

¿O qué? ¿O «Bohemia»? ¿Dis o «Bohemia»?... ¡Virxe do Carmel! ¿É Xelo?... Nel viña Xelo.

LUMIA

¡Xelo!

MADANELA

¿Qué vos espanta? ¿Por qué pavorides?...  
¡Queizaves Xelo?....

LUMIA

Non, non. Salvaron moitos,

MADANELA (*decidida*)

Vou alá.

LUMIA (*conténdoa*)

Pero filla.....

MADANELA (*zafándose*)

Sólteme, madre.

LUMIA (*ponéndose diante da porta*)

Non saes.

MADANELA

Quero sair. Arredre.

BREIXO (*meazando*)

¡Nela!

MADANELA (*con brío*)

¿Qué socede nesta casa? ¿Estades todos?... Sayo sin dúbida.

LUMIA

Mira, Madanela....

MADANELA

¿Será verdade? Fai tempo que sospeito...  
Ese saco.... (*mira imponente o irmán, que engoumea a testa*) Teño escoitado.... ¿Qué escondedes detrás? ¡Desviese, madre!

(Arredra á LUMIA e franquea a porta, vén-dose á XELO tendido na soleira.)

LUMIA (*aparte*)

¡Disgraciados!

MADANELA

¡Asús!... ¡Un home! (*axiónllase pra observalo*) ¡É Xelo! (*ledísima, érguelle a cabeza*) ¡Ay!, ben sabía que non me abandobas... Que non deixarías perdida a tua Neliña... ¡Xeliñol! ¡Xeliñol!...BREIXO (*acañado*)

¡Era Xelo!....

MADANELA (*intranquila*)¡Ay María! sei que dorme.... (*mirando a propia man*) Pero ésto... é sangue... Si; ¡sangue!... ¡Morto! (*estolecida*) ¡Meu Xelo morto!.... (*De pé, tráxica, baixo do dintel*) Madre, irmán... e tí, serpe penzoflienta... corvos do mar, urcos da ribeira... ¡Malditos! ¡Malditos seyades!

(Cadro.—MADANELA no fondo; LUMIA, BREIXO e RAPETA abrayados.—Cae o teón).

ADEQUIRA

BEIRAMAR

(DRAMA) POR ARMANDO COTARELO VALLEDOR



## A CRISTIAIZACIÓN DO CASTRO DE MONTERREI

POR XURXO LOURENZO FERNÁNDEZ

Por medio de seis documentos do fondo de Celanova que se custodia no Arquivo Histórico de Madrid, (Arm. 25, tab. 1.<sup>a</sup>, legs. do 977 a 981, ambos inclusive) chegamos ó coñecimento de un típico caso de cristianización dos lugares nos que a xente se adicaba á supersticións e ritos pagáns e os que a Eirexa, ó non poder desarraigárlas da alma eminentemente tradicional dos povos estas prácticas, optou por cristianizar, legalizando, por decílo así, un culto denantes herético.

Estes documentos son os 1 e 2 de eclesiásticos, e os 6, 28, 29 e 30 de reales.

O primeiro, por orde de antiguedade, é de Alfonso X (R-6-977-25-1), feito en Allariz a 3 de maio do 1213, e no que se ordena que o «Castro de Verín» se non edifique, destruíndose o que houbera n'il edificado.

O segundo é unha bula plomada de Honorio III, (E-1-977-25-1) dada en Roma a 28 de agosto de 1222, confirmando o ordeado pol-o anterior privilexio, pra que o «Castro de Monterrei» se destruía e pra que ninguén se estreva, so pena de excomunión, á levantar obra n'il.

O terceiro, (R-28-978-25-1), é unha carta plomada de Alfonso X, feita en Valladolid a 28 de setembre de 1223, confirmando outro de Fernando III, dado en Ourense a 15 de maio do 1232, o cal á sua vez confirma o primitivo de Alfonso IX, pra que o Castro de Verin se non costruía e non torne a ser edificado.

É o carto unha bula, de Clemente IV esta, (E-2-970-25-1) en Roma a 5 de outubro do 1266, e dirixida ó Arcediano de Bubal na eirexa de Mondoñedo, pra que oblige con censuras, á que se non edifique o citado castro, e que «ningún presbítero celebre en castro que esté hedificado».

É o quinto unha confirmación de Sancho IV, (R-30-979-25-1) dada en Allariz a 25 de Xaneiro de 1274, confirmando un privilexio de Alfonso X, feito en Palencia a 16 de Abril de 1284, no que concede ó Mosteiro de Celanova «la mitad de la Iglesia que agora nuevamente mande facer en mi poebla de Monte de Rey».

E finalmente, o derradeiro é unha confirmación ó anterior privilexio, feita por Fernando IV en Maio do 1300. (R-29-979-25-1).

O orixinal de Alfonso X sobre da Eirexa de Monterrei, non nos foi posibel atopalo entre os outros documentos do Mosteiro, descoñecéndo-o seu paradeiro.

Ordeados esi estes documentos, déixase-nos entrever toda a derradeira fase do desenrolamento do paganismo campesio do castro de Monterrei.

O Mosteiro de Celanova, tería noticias indudablemente no trascurrir das centurias IX e XI, de que os labradeiros de Monterrei, se adicaban á prácticas e ritos heréticos no castro da vila, prácticas que revelarian unha consagración contraria á esistencia do culto católico, e das que saíran responsabres os frades do Convento, por aparecer proprie-

tarios ou, polo menos, poseedeiros da vila de Verín na tal época, e por contravenir os cáticos establecidos nos concilios de que logo nos ocuparemos.

Indudable é tamén de que o Mosteiro interviriá repetidas vegadas n'este asunto, procurando, por todos os meios, non escasos, que na sua axuda tifia, interrumpir estas supersticiones, mais temos que recoñecer que esta intervención non sería moi eficaz, por tanto que aproveitando a estancia do rei en Allariz, recorrión ó seu poder, logrando de Alfonso IX a orde de destrucción do castro e a prohibición de erguer obra n'él.

Temos que supoñer que ista orde sería posta en práctica e que o castro fose intentado destruir, cosa que non se levaría á bo fin, seguramente polos impedimentos postos polos vecíños, deducido isto de que a orde de destrucción repitese bastante despois, posto que de 19 anos máis tarde é a intervención do Papa Honorio III, no 1222, ameazando ca pena de excomunión á quem se estreva á erguer obra n'él, insistindo en que sea destruído o que houbera edificado.

Pol-o visto foi tamén inútil o parecer ista intervención da Eirexa de Roma, e pasados 33 anos, Alfonso X ten que confirmar, por segunda vez, a orde de Alfonso IX, xuntamente con outra anterior confirmación do mesmo, feita por Fernando III no 1232.

Moi arraigados tiñan que estar istos sentimientos pagáns dos moradores de Monterrei, cando, á pesar de todas estas intervencións reais e papais, seguiron n'elas orixinando unha segunda intromisión da Eirexa, representada pola bula de Clemente IV, de 1266, na que, ademais de confirmar todo o ordeado polos seus antecesores en tal asunto, manda esplicitamente «que ningun presbítero celebre en castro que este hédificado».

Eiqui culminarian os esforzos pra desarrigal-a herexia da vila, xa que oito anos despóis, aparez o privilexio de Alfonso X, confirmado por Sancho IV e por Fernando IV, no que concede ó Mosteiro a mitá da Eirexa «agora nuevamente» feita no castro.

De ista forma desfariase, inda que soio

aparentemente, a herexia do castro, e dende ista data xa non tornamos á atopar referencia ningunha á iste caso, que se iría esquecendo paulatinamente por uns e por outros, inda que sempre continuaria latejando nas novas prácticas que dende ali en adiante se celebrasen na eirexa nova Castro de Monterrei.

Non debiu de carecer de importancia o culto pagán que n'él se desenrolou ata os comenzaos do século XIII, posto que ningún dos casos análogos que oxe coñecemos, motivou tan repetidamente a intervención eclesiástica.

Moi corrente foi na Galicia, e ata nós chegan os residuos, que as surpesteccións do pobo cristaizasen n'un culto fisiolátrico, que ainda que unhas vegadas referianse á ouxetas naturás, ríos, montes e pedras; éo outras á cousas que ainda que feitas pola mano do home non perdian certo carácter natural.

Este é o caso dos moimentos megalíticos e dos castros.

Nos primeiros, ouxetas d'unha relixión prehistórica, cujos comenzaos perdense nos séculos, prolongouse á través do tempo, evolucionando na maoria das vegadas paralelamente ó desenrolamento das influencias estranas da masa étnica e moral do pobo, i-eisi mil lendas alleas á miúdo por compreto á toda espricación relixiosa, aparescen á redor de antas e mámoas, sinalando un orixe ligado á tales moimentos.

Moitos foron os megalitos cristianizados en todo o noroeste peninsular, xa reseñados, na sua grande maoria, en diversos traballos que non é do caso enumerar eiqui.

Virgilio Correia tivo a ocasión de señalar varios casos n'unha ainda recente ocasión, intresándose agora os que se refieren ás pedras das Gamelas e Talisca, sitas ambas en Pavia, no Alemtejo. (1)

Na primeira espricóu unha serie de gravuras en forma de cruces que n'él existen, como sinales da cristianización no peñasco, por haber sido ouxeta de cultos pagáns que, según él, basándose n'unha lenda do país,

(1) «El Neolítico de Pavia». Memoria número 27 da «Comisión de Investigaciones Paleontológicas», Páx. 97 e ss., Madrid 1921.

consistían en que os gandos desen ritualmente unhas voltas ó arredor, no mesmo xeito que oxe se fai, según o seu testemuño en moitas eirexas e ermidas portuguesas durante certas festividáns. Causa análoga ocurría na outra pedra, a Talisca.

O Conde de la Vega del Sella (1), sinala tamén varios casos de cristianización en Asturias, con ouxeto das proisimidas e superposición de antas e capelas, e finalmente, Mortillet (2), ocupándose destas cuestións, proporcioa máis exemplos e datos sobor do asunto.

Mais os castros son orixinariamente alleos ó principio relixioso das antas. No século pasado en que un romanticismo científico levou á algúns autores á espricar fantásticamente istes moimentos da vida protohistórica, ouvo quen os considerou como «templos dos celtas» (3) chegando outros á creelos lugares feitos pra «plantar y adorar en ellos la encina sagrada del Dios Teut por la religión druídica». (4)

Menéndez Pidal, reseñando estas teorías sin dificultade refutadas, conclui que xa que os castros foron aldeias fortificadas (opidum) terían algúns santuarios como úneca manifestación de caráter relixioso (5).

Á él, polo tanto, deben ser referidas as supersticións dos castros.

Aténdonos a ésto, espricase facilmente o por qué de duas costumes que se ouserian n-outros tantos castros da provincia de Ourense e n-un da de Pontevedra.

No Auntamento da Merca, parroquia de Santa María de Olas, hai un coto, o Monte do Castro, que, como o seu nome indica, é un castro celta ou celto-román.

Celebrase en Olas a festa de San Pedro, mais o folián que a precede, en lugar de se verificar no pobo, faise no castro, votando nél os foguetes e acendendo fa-

chos que se colocan nuns buratos feitos nas penas que cobren o cumio do monte.

«I-é de notar—dí o catalogador do mesmo (1), que o camiño dende a capela de San Pedro ó castro é longo pino e ruin, e que sempre que se iniciou algúna oposición, o vello costume xurdíu de cote dos veciños de Ojas, pobo axuntado á Vilariño, coido que no século XVI, e que está moi próximo ó pico do castro, namentres que os veciños de ista derradeira aldeia, defenderon sempre, e ata de agora, con éxito, o estilo tradicional do folián».

Outro caso pra nós máis intresante pola sua proisimidade á Monterrei, dase no partido xudicial de Verín e no monte chamado «As Laxes das Chas».

Non ten iste castro lembranza algúna de capela, mais no cumio do mesmo esisten varios montóns de pedras, que á xuicio de Florentino L. Cuevillas, á quen se debe o seu coñecemento, sinalan a esistencia dun santuario.

Á uns dous kms. do castro, hai unha ermida, a de Santa Ana, no cumio dun outeiro, e cando é preciso facer algúna rogativa pra pedir que chova ou que deixe de chover, orgaizase unha procesión, que ca imaxen do santo, toma o camiño de Oimbra, dende onde, pasados uns días, faise retornar ó seu santuario.

Según o citado arqueólogo, iste costume sinala, non somentes o emprazamento da primitiva ermida, senón tamén o lazo que a liga co *genius loci* que protexería outrora os habitantes do monte das Chas. (2)

N-un castro que se atopa en Carballedo, auntamento de Cotovade, iase ata fai algúun tempo, á votar os foguetes e acender lume, nas vísperas da festa do Corpus, do mesmo xeito que se fai no Monte do Castro antedito. (3)

Caso contrario á él, ainda que nos conduce ó mesmo resultado, tivemos nós mesmo ocasión de comprobar.

(1) «El dolmen de la capilla de Santa Cruz». Memoria número 22 da «Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas». Páxs. 33 e ss. Madrid 1919.

(2) «Les Monuments Megalithiques Christianisés». Revue de l'École d'Anthropologie. T. VII.

(3) Verea y Aguilar.

(4) Martínez Padín.

(5) «Historia de los Heterodoxos españoles». T. I. Páginas 115 e ss. Madrid 1911.

(1) Florentino L. Cuevillas. «Catálogo dos Castros Galegos». No NÓS de Xullo de 1926. Núm. 56, páx. 131.

(2) Florentino L. Cuevillas. «Papeletas Arqueolóxicas e folklóricas da bisbarra de Verín». No NÓS de Nadal de 1926. Núm. 96, páx. 10.

(3) Acabou a noticia d'este castro o Antón Pragaas, á que nos illa debemos.

No castro de San Adrao, que se atopa por riba do pobo de Cabaleiros, no concello de Lobeira, houbo, asegún dín todolos vecíos do pobo, unha ermida, á cal está oxe dedicado o Castro; mais, visitado o coto por nós, non soio non atopamos ningún resto de tal cousa, senón que chegamos á certeza, dada a forma sumamente cónica do castro de que non cabe nin a posibilidade da sua existencia.

Ista lembranza da ermida, que encerra en sí unha lembranza relixiosa, ha de se referir, sen dúvida, ó lugar de culto dun deus celta análogo ó do Monte das Chas.

Como vemos, nos casos primeiramente citados, que son todolos que poidemos acadar, o antigo culto dos castros manifestase oxe principalmente en procesións que, con un ou outro ouxeto, van á facer alto no medio do monte, coincidindo tamén ás vegadas coa prousimida de moimentos megalíticos.

É, pois, moi posibel que unha cousa análoga ocurrixe no castro de Monterrei, sobre todo si nos fixamos en que na grande maioría dos documentos que á él fan referencia, insístese d'unha maneira particular en que sea destruído e que non poida tornarse á edificar; tendo que se referir ésto á alguma construcción que nél houbese e de ningunha maneira ó castro en si, tanto más cando que tamén se ordea, referíndose á él indudablemente, que ningún presbítero celebre en castro edificado.

Sin que poidamos acadar un resultado craro, coidamos que chega o dito pra nos poder formar unha idea de en qué consistiría o tal paganismo de Monterrei, vindo eiqui na nosa axuda o bispo do Alentejo, ca sua prohibición de que as procesións non

fosan ós outeiros donde non se celebrase o culto católico, insinándose que xa na idade media estaba en usanza tal forma ou residuo de santificación castrexa.

Mortillet, cita os concilios donde se tomaron medidas para combatir estas prácticas religiosas nos lugares non cristianizados, citas que recolle tamén o Conde de la Vega del Sella nun seu traballo xa citado. (1)

Estes foron os de Arles (ano de 452), Tours (567), Nantes (668), Toledo (681 e 693) e Leptine (743).

En todos iles ordéase que os moimentos de pedra que serven de adoración nos campos, sexan destruídos, ameazando ós adoradores con diversas penas, e chegando á declarar culpables de sacrilegio, ós bispos en cuio territorio se celebren istos ritos si non cuidan de destruilo. (2)

Chilperico ordeou tamén que se destruisen os moimentos de pedra que se atopan nos campos. Carlomagno mandou o mesmo á fins do século VIII e finalmente o rei Canuto el Grande, fainos saber que, á pesares de todas estas prohibicións, os pobos seguiron nas suas prácticas, e que en vista da imposibilidad de desterralas, a Eirexa optou pola sua cristianización.

No século XVI, o bispo do Alentejo esquirbia: «...defendamos e mandamos que com as precisões nam vam a outeiros nem penedos mas soumentes a igreja ou ermida donde se faz ho officio divino». (3)

(1) «...dolmen....»

(2) Concilio de Arles.

(3) J. Leite de Vasconcellos. «As religiões da Lusitânia» Pág. 136.

Xa apareceu

## O DERRADEIRO AMORE

Novela, por Aurelio Ribalta

A XIÑA APARECERÁN

OS DOCE PASOS ESTAZONAES

por MANOEL GARCÍA PAZ

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### PRA UN CANZONEIRO DE NOIA

Alá no medio do mar  
víñ saltar unha sardiña,  
mariñeiriños de Noia  
vinde alá c-unha traíña.

A criada do cura  
de Corrubedo,  
ao picar a verdura  
picou un dedo.

Tefio lanchas teño redes,  
teño sardiñas no mar,  
teño unha nena bunita  
pra que quero traballar?

O mariñeiro ao domingo  
bó zapato e boa media;  
o lunes pol-a mafán  
vai descalzo pol-a areia.

O Cristo de Finisterre  
ten unha pistola d-ouro,  
para matar aos do Son  
por riba de Montelouro.

Vefian os barcos,  
veñan as redes,  
veñan os barcos  
anque non veñan eles.

O que nunca tivo un porco  
e agora ten un porquiño  
sempre anda ao rabo dél  
chamándolle kiño, kiño.

Non te cases con ferreiro  
que é moi malo de lavar,  
cásate con mariñeiro  
que ven lavado do mar.

O carballo da Chainza  
ten a folla revirada  
que lla revirou o vento  
nunha mafán de xiada.

Gracias a Dios que chegamos  
eiquí a esta población,  
que víñamos de arribada  
sin velas e sin timón.

Si todo o mar fora leite,  
e Montelouro boroa,  
xa terían que comer  
os tramalleiros de Boa.

Mariñeiriño do mar  
ten asegurada a vida,  
mira que vas embarcado  
en unha taboa podrida.

Quen me dera estar na Creba  
e na Creba haber un piño,  
para ver o que se pasa  
esta noite en Portosíño.

Cando non hai que facer  
que farán os cataláns,  
andarán pol-a ribeira  
tirando pedras aos cáns.

Os mocifíos que hai agora  
son un fato de ladróns,  
que para fumar tabaco  
empeñan os pantalóns.

Os de Noia son bós mozos.  
os de Muros baloqueiros,  
os de Fisterra son negros,  
e os do Son son mariñeiros.

Oxe teño de ir a Barro  
pol-a colleita do millo,  
oxe teño de ir a Barro,  
de Barro non me despido.

A muller de Roquetroque  
está bailando na eira,  
Roquetroque está mirando  
como a muller se peneira.

À ría de Vigo  
non se pode ir:  
andan as motoras  
a entrar e a sair.

Sei tocar e sei bailar  
sei tocar a pandereta,  
o home que a míne leve  
leva música compreta.

O contramaestre é bravo,  
sabe remendar as velas  
co-a chavella do arado.

Os curas e os taberneiros  
teñen moito parecido,  
os curas bautizan nenos  
e os taberneiros o viño.

Indo pol-o mar embaixo  
o aire rifóume a vela;  
nosa Señora da Creba  
diúme o pano para ela.

Vimos dunha romería  
e mañán vamos pra outra,  
e así pasamol-o tempo  
dunha romería en outra.

Héiche de contar un conto  
de vintecatro mentiras:  
pol-o mar andan as lebres  
e pol-o monte as sardiñas.

Gaiteiro de Redondela:  
ofrecícheme unha tunda  
e agora veño por ela.

As nenas de Vilarín,  
non é unha que son todas,  
levan tres pares de medias  
pra facer as pernas gordas.

Meu pai e miña nai choran  
por que non sei traballar,  
agora xa vou sabendo  
coller toxos pra picar

O home que ha de ser home  
ha de ter a man lixeira,  
ha de coller a rosinha  
sin abalar a roseira.

A muller do mariñeiro  
pódese chamar viúda,  
cando o home vai ao mar  
váille para a sepultura.

A aldeña do Obre  
de lonxe parece vila,  
ten un caravel na entrada  
e unha rosa na saída.

Recollidas por

ALVARO DE LAS CASAS

## M I S C E L A N E A

### UNHA CAMPAÍÑA DO S. XVI

Na capela de San Salvador de Cavenca, na parroquia de Ceredo, Concello de iste nome, ollei recentemente unha campaíña de man, de bronce, fundida, ostentando águias e outras bichas de estilo renacente, con ista inscripción arredor: ME FECIT IOHANNES AFINEA 1554. De outras antiguidades de ista sinxela capela falaremos n-outra ocasión. Os vecíños din que xa eisistía no século VII e que o nome primitivo era Caveancos, o que, craro é que ten precedentes típicos en toda a terra galega, ben abondosos.— Bouza-Brey.

### OS DERRADEIROS DÍAS DO POETA AÑÓN ::

Ninguén, antreos amigos póstumos do Poeta, tirou proveito dos libros que se levan no

Hospital da Princesa, de Madride, pra saber das horas postreiras de aquil bohemio que quixo morrer na sua terra ou acougar n-ela os seus osos sin conseguiu. Somentes o espírito xeneroso de Anxelo Romero Cerdeirina, namorado da figura apniuxante do romántico Añón, foi dar con isas miudas couzas, que engaden algunas notas á sua vida, pouco coñecida ainda, que vou dar eiquí por oferta cordial de aquel amigo que ten contribuído a divulgar a obra do noso Poeta.

Consta por aqueles libros que o Añón ingresou no Hospital dito «padecendo afecto hepático» ás cinco da serán do catorce de Abril de 1878, ocupando a cama núm. 20 da sala de San Lesmes e que ás catro da mañan do día 20 finou «de cancro de figado». Vivía Añón, cando entrou n-aquel Estabrecreimiento pra nunca mais sair á vida, na Rúa «de los Amigos», núm. 10, coarto segundo. Tiña cé-

dula do Distrito da Universidade, Barrio do Campo de Guardias, núm. 2302.

Ben pouco é o que ali consta do *precursor* que non recibiu ainda homeaxe ó seu patrianismo; mais ista nota serve pra demostrar que o seu nome non está esquençido no presente como tampouco Galicia o esquenecerá endexamais.—Bouza-Brey.

#### BALDAQUINOS DE SAN MIGUEL DE ARCA ::

O adro da eirexa de San Miguel de Arca, no Concello d'A Estrada, foi feito, cas suas escaleiras semicirculares e seus pilotes de traballada pedra, no ano de 1855, asegún reza un epígrafe ali colocado. Nesta data debéronse embutir no muro da banda do Norte, a unha e outra veira de unha das portas, os painéis que coñadamos pertescen a dous seudo-baldaquinos tan correntes na Galicia dos séculos XV e XVI, eruditamente estudiados por Filgueira Valverde e Ramón Fernández Oxea nos «Arquivos do Seminario de Estudos Galegos».

Catro son as pezas que ali se alcontran, aparelladas maor con menor. Describirémoslas por toparse inéditas.

À man dereita da porta devandita:

1.º Painel adintelado, mais curto que o segundo que está á sua veira, con escea da Anunciación semellante á dos baldaquinos de Cósarcos, Serantes e Villalonga, aparecendo a Virxe diante do facistol, grande xerro con follaxe mesto e anxo con filactario. Cenefa na parte superior con froles de catro pétalos cruzados a maneira de puntas de diamante. Franquean a composición duas columnas traballadas.

2.º Lumieira con arco inferior conupial, meirande que a peza antecedente, repersentando á Virxe c' neno recibindo a Adouración dos Reises Magos. Cresteiría perlada.

À man esquerda da portada tópanse:

1.º Lumieira de arco inferior conupial con escea das Angustias, do mesmo grandor que o da Adouración dos Magos, descrito. A Virxe sostén no colo ó Fillo morto, a Cruz aparece ó fondo e outras figuras acompañan; a unha banda sitúase, de frente, Santa Lu-

#### NÓS

cía e á outra unha santa que non identificamos. Cresteiría perlada.

2.º Franqueada por duas columnas renacentes, decoradas con follas, e baixo da cenefa análoga á do número 1.º da banda oposta, aparece unha estrana composición na que se trata de repersentar quezás a Adouración dos Pegureiros. O Neno Deus deitado n-unhas pallas e recibindo o bafo da mula e o boi, é adourado por unha figura coroada, de xoellos e mans postas, que nada ofrece. Por detrás de ista chega un home vestido con curto faldrellin encol do que cai un a xeito de zurrón triangular, levando ó lombo suxeito ca man dereita un pau rematado en bola do que pendura grande caldeiro; ca man esquerda colle un adibal ou unha corra —polo tesa—que prende polo fuciño a un cuadrúpedo de longas orellas, burro quezás. A orixinalidade da composición é maor si se considera que o Neno a mula e o boi figurán repersentados con perspectiva aérea vertical. O grandor da peza é a mesma do número 1º da outra banda.

Finalmente, do mesmo xeito que en outras partes acaesce, tamén, a unha banda e a outra dos painéis, eisisten dúas estátuas de San Miguel e San Xán, soltas, que semellan da mesma man si ben con precedentes iconográficos marcadamente oxivals.—Bouza-Brey.

#### UN EPISODIO DOS AFRANCESADOS COMPOSTELÁNS

Dirixida «A Dn. Franco Xavier Losada de Vivero Regidor perpétuo de la Ciudad de Stº; ecta. Orense, Bobras (*sic*), Laxas», no arquivo particular da Sra. Dña. María Lousada de Eirín, n-a Estrada, eisiste a seguinte carta, escrita n'un só pliego, con señais de oblesas e cuño roxo da posta no exterior:

«Santiago y outubre 7 de 1809.

Mui señor Mio e rrecivido su carta y celebro las buenas notisias de su salud y demás familia la mia con bastante disgusto con la muerte de Mi ermano la qe. llebó su magd. el dia de la Virguen del Rosario y murió con todo conocimiento asta la vitima boqueada

se quedó como un pagaro espero en su magestad qe. a de estar en buen lugar.

yo entregué las dos cartas a Justid y ba en la coruña a llebarlas y le prebíne esperase por la respuesta del dela groba la suscripción la aré, por esta no ai nobedad particular solo que an prendido al abogado Moas le allaron vna carta escrita a bazán pidiéndole vn canónicato qe. los canónigos eran unos oigazanes qe. él gobernaria y qe. el siempre abría estado por el gobierno franzés esta carta se alló en vn secreto de la ynquisión (*sic*) se desizo una dibisión qe. tenía unas tablas por delante y de noche le cogieron como rato en la rratonera a lñeyra le an soltado y egerce los mismos empleos pudo gastar mucho qe. en la coruña yendo dinero todo

se compone su ermano por aora queda buena y su prima dá a vmd. memorias y farruca sínbase vmd. de mi parte darlas a Mi sra. D.<sup>a</sup> Josefa y señoritas y remito esa carta qe. bino de d.<sup>a</sup> Bernardina BLM de vmd.

Maria Bernarda Diaz Martínez.»

Escoirrentad os franceses desde o 23 de Maio, parez que a persecución contra os afrancesados arreciou, dirixindo principalmente contra o cadeirádico Pedro Bazán de Mendoza, famosa figura da época, o que se alude na epistola, quen morreu lonxe do seu país nativo. Despréndese da carta que un dos amigos do Bazán era o abogado a quem fixeron gastar boas onzas na Coruña. —Bouza-Brey.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

Antón Lousada Diegues

**F**AI dous anos que a terra do cimeteiro de Pontevedra, recolleu garimosa o corpo do mestre benamado.

Lousada Diegues levou á cova as arelas de toda unha vida consagrada na loita polas nosas liberdades.

Él que envieirou co seu senso de xusticia, os camiños da política galeguista, non poido ollar o alborexar d'unha nova época máis felís. Pero a sua verba, inesquecida pra os seus discípulos, terá de ser sempre semente fecunda nas laburadas do porvir.

### VIDA UNIVERSITARIA

O Profesor Gamillscheg.

**O** dia 29 de Setembre dou comezo na Facultade de Filosofía e Letras un cursillo de tres leccións ó cargo do Prof. Ernst Gamillscheg director do Romanisches Seminar de Berlin encol do tema «Primeiros contactos entre xermáns e románs. — Infruxos culturais dos románs sobre as tribus xermánicas. — Estabrecimento dos visigodos e suevos na península ibérica».

En xeito craro mais con fondonismo erudición analizou o conferenciante a través dos datos da filoloxía a comunicación de xermáns e hispano-romanos. Singularmente intresante pra nós é a afirmación prenament-

te confirmada científicamente de que o infruxo góticu e suevo na toponímia da Península deuse con máisima forza na nosa terra, ouidente d'Asturias e N. de Portugal, é dicir, na antiga Galicia, en tanto que na dos demás países hispánicos apenas se notan restos.

Atribui o Prof. Gamillscheg o feito, a reocupación da Gallaecia polos visigodos que fuxian da invasión musulmán, e polo tanto a causas relativamente serodias.

As conferencias foron seguidas con máisimo intrés pola grande concurrencia que asistiu.

Curso de Filoloxía no Seminario.

**E**n colaboración coa Universidade o Seminario de Estudos Galegos acordou traxer a esplicar un curso de Filoloxía románica ó Dr. Reisekron, asistente do Romanische Seminar de Berlin, pra preparalos socios do Centro que s'adican á tales estudos. O Seminario proponse acometer n'iste senso laburadas de suma importancia, antr'outras a do atlas lingüístico de Galicia.

Prégase ós leitores que teñan repetidos algúns dos números 1, 8, 40, 49 e 76 do boletín NÓS o avise na Administración do mesmo, onde se lle mercarán

*Imprenta NÓS. Hortas, 20. Santiago*

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QUÓS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

## Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

## FOTOGRABADO

Si quer quos seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenle envialos aos  
**Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
UNICO EN EL MUNDO

1pta  
DASTILLA



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
Fuentes de GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad da los Sres. Hijo's de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
• Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son  
o remedio enxebre e eficacísimo  
cand'un quer combater o Artritismo,  
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades  
diversas, doenzas do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa**  
— gaseada naturalmente —

Mondaríz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo